



A Venatoria de Santiago organizou unha xornada de caza e pesca na que participaron máis de medio centenar de rapaces

O pasado día 10 de maio a Sociedade de Caza e Pesca "A Venatoria" organizaba no Parque "Granxa do Xesto" en Santiago de Compostela, unha xornada de caza con arco e pesca para rapaces en colaboración coa Federación Galega de Caza e a Federación Galega de Pesca.

Nela participaban un total de 55 rapaces chegados desde o Colexio M^a Assumpta de Noia.

As 10.30 horas comezaban un percorrido polo parque para posteriormente recibir unhas clases teóricas nunha aula habilitada na cafetería do propio parque. Xa pola tarde os monitores de pesca e tiro con arco foron os responsables de manter a orde entre uns nenos desexosos de probar por primeira vez unha cana de pescar ou un arco.

Completábanse así unha gratificante xornada, tanto para rapaces como monitores que seguramente se repetirá o vindeiro 28 de xuño coa clausura das xornadas que todos os anos organiza a Sociedade de Caza "A Venatoria" de Santiago para os máis pequenos.



Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com